



FEDERACIÓN
GALEGA DE
MOTOCICLISMO

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE
MOTOCICLISMO celebrada en Vigo o día 21 de xaneiro de 2017 ás 11:00 h. en 2ª convocatoria**

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia de D. José Canda Rodríguez, e coa asistencia do secretario, Mário Riveiro Martínez.

Asisten:

ESTAMENTO DE CLUBS:

MOTO CLUB BERGANTIÑOS
MOTO CLUB PAPAYA
MOTO CLUB MÓVETE NA MOTO
E.P. RODAMOTO
MOTO CLUB ALDÁN
CLUB MOTOCICLISTA TEO
MOTO CLUB COMPOSTELA
MOTO CLUB MORRAZO
VESPA CLUB CORUÑA
MOTO CLUB ESCADRA O'GARITO
MOTO CLUB DEZA
MOTO CLUB CLIP
MOTO CLUB MOVISA
MOTO CLUB SALTAMONTES
MOTO CLUB TEAM BERNÁRDEZ
MOTO CLUB TEAM CASTELO
PEÑA MOTEROS VALMIÑOR
CLUB SOBRE RODAS
MOTO CLUB CIDADE DE TUI

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. XACOB AGRA CARRERA
D. MARCOS AGRA ALONSO
D. AARON BERNARDEZ CARRO
D. MANUEL TOIMIL BECEIRO

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. MOISÉS BERNÁRDEZ CARRO
D. JOSÉ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ
D. JULIO PÉREZ SOLLEIRO
D. ALEJANDRO TORRES RODRÍGUEZ

ESTAMENTO DE XUICES-ÁRBITROS:

D. ALBERTO GARCÍA FANDIÑO

Dª CRISTINA SANROMÁN FERNÁNDEZ
Dª LUCIA VILLA SOBRINO

Asisten ademais con voz e sen voto, en calidade de vicepresidenta, Sandra Fernández González e o tesoureiro, Secundino Ponte García.

Comeza a asemblea saudando aos presentes e dando as grazas por asistir. Preguntase se queren declarar aberta ou pechada a asemblea. Varios membros piden que sexa pechada en previsión de que haxa que facer votacións. Declárase pechada a asemblea.

Alejandro Torres pide a palabra para dicir que quere ser “garante da asemblea”, ao que se lle responde que garante da asemblea son todos e cada un dos que están no salón como membros da asemblea.

1. LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS ASEMBLEAS ANTERIORES.

O secretario da lectura da acta da asemblea anterior celebrada o 23 de xaneiro de 2016. Ao rematar a lectura Alejandro Torres pide a palabra e pide que conste en acta que na reunión anterior un membro da asemblea lle chamara chorizo ao secretario xeral para o Deporte. Pídeselle que concrete o momento e a persoa que o fixo, dicindo que non se lembra. Consultados o resto dos asembleistas, ninguén lembra ese momento.

Alberto García Fandiño pide que conste en acta que na asemblea pasada os moto clubes quedaran en facer un escrito conxunto para queixarse das poucas axudas recibidas por parte da SXD pero que ao final non se enviou ese escrito por que os clubes nunca se xuntaron para facelo.

Votase a aprobación da acta anterior, queda aprobada con 23 votos a favor e 5 en contra.

LECTURA E APROBACIÓN DO ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DO 3 DE XUÑO.

Dáse lectura da acta da asemblea extraordinaria e ao finalizar votase a súa aprobación. Apróbase con 26 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención.

2. MEMORIA ANUAL – PROXECTO DEPORTIVO 2017

O presidente da a benvida a todos e comeza a facer balance da memoria deportiva do 2016. Informa aos presentes que nos tempos da era dixital, no que tódolos datos están publicados na web, facebook etc non ten moito sentido facer un repaso estadístico do acontecido cando é de dominio público pois todo está dispoñible a golpe de click. Prefire centrarse no seu proxecto deportivo para a tempada 2017, na que fai unha forte aposta por organizar probas dos Ctos. De España, pois pensa que aínda que non se pode competir en prezos coas organizacións de eventos non federados, si se pode en calidade. Relata como están ao día de hoxe as probas pedidas, con 6 eventos xa concedidos de Enduro, Motocross, Cross Country, Supermoto, Trial e do estado das outras solicitudes, que por estar entregadas a promotores están pendentes de adxudicación con moitas posibilidades de que concedan algún campionato de España mais. Da as grazas aos motoclubos de trial que voltan a calendar 8 probas para o 2017. O enduro contará con 4 probas coincidindo coas citas do CEE. Informa tamén das negociacións para recuperar a actividade do Motocros aproveitando o tirón das dúas probas calendadas do nacional en Taboexa. As negociacións cos novos xestores do circuito, comuneiros e alcalde de As Neves deron os seus froitos e todo apunta a que se van a poder disputar en Taboexa varias probas no 2017. Espera con iso recuperar a actividade de motocross, que nos últimos anos descendera pola proliferación de eventos non federados. Coa axuda de Saltamontes e Motopark Cerceda presenta un calendario atractivo para recuperalo. Expón que está convencido que se recuperamos o motocross, teremos unha gran base de pilotos para que outros clubes se animen a facer mais probas, supercross, dirt track, cross country etc, son probas que dependen das licenzas de motocross.

Na velocidade informa de que a actividade foi case nula, cun so piloto nas 6 probas calendadas co Campeonato Norte de Velocidade. Expón que a súa intención e recuperar o CGV coas probas de Braga do CNV de Portugal. Polo que pide que se autorice pola asemblea á comisión delegada para unha vez

coñecido o calendario, categorías e regulamentos do campionato portugués aprobe un calendario e categorías para o CGV.

Nas cilindradas pequenas, celebradas en circuítos galegos, estamos pendentes de encaixar a proposta do moto club VFM, que no seu calendario de actividades queren incluír 3 probas do CGV. Sentarémonos con eles para encaixar datas e categorías.

Aproveitando o CESH e Cross Country celebrados en Galicia, convocase os ctos. Galegos da especialidade coas mesmas categorías e regulamentos co nacional desas especialidades.

Informa tamén que MOTO SPORT RACING continuará celebrando a Dani Rivas Cup, aínda non concretou datas.

Informa tamén das dificultades polas que pasou a iniciativa de varios clubs de sacar adiante un trofeo de Enduquad que finalmente foi suspendido por falta de inscritos. E tamén da pouca actividade de Quads, cunha soa proba social celebrada a final de ano organizada por moto clube Saltamontes.

Informa das reunións que tivo cos clubs para convencerlos de que fixeran probas federadas, con Motopark Cerceda que conseguiu convencerlos para que calendaran dúas de motocross, cun club de Viveiro interesado en facer un Enduro Extremo, e cos organizadores do Enduro de Mexego, estes últimos relatan que coas tarifas da federación e moi difícil competir coas da LGMC. Aínda que o presidente lles explica que a nos a lei nos pon unhas condicións coas que non podemos competir en prezos, emprazándoos a seguir falando. Informa tamén das negociacións co Alcalde de As Neves e a empresa que xestiona o circuítos de Taboexa, ambos mostraron boa disposición para traballar conxuntamente para que Taboexa volte a ser o referente que foi para o motocross.

Unha vez finalizada a intervención do presidente, o secretario retoma a palabra para seguir coa orde do día. Na seguinte paxina do dossier presentase a relación de clubs afiliados a FGM, pide que lle boten unha ollada ao listado por si hai algún dato que queiran modificar, tlf, email, etc. Na páxina 18 hai unha relación das probas celebradas, na que o motoclub VFM di que falta a proba do campionato de España de Supermoto que fixeron en Forcarei, tómake nota para facer a rectificación correspondente.

Na páxina 19 do dossier hai unha estatística de actividades por provincias. Informando que o 82% da actividade foi feita en Pontevedra e A Coruña a partes iguais, cun 13% da actividade en Lugo e un 3% en Ourense. Na pax. 20 presentase a estatística das licenzas tramitadas por cada club, as nacionais, as galegas, as de cargo oficial, as de mochileiros e as dunha proba. Informase que no primeiro dossier enviado por email faltaban as licenzas internacionais, que ao ser tramitadas directamente coa RFME dende este ano ao listar na aplicación non saen, polo que hai que metelas manualmente.

Nas páxinas que van da 21 á 27 inclúense as clasificacións dos CG 2016, infórmase que levan colgadas na web todo ano e que se recibiu unha solicitude de Manuel Toimil respecto ao CGV que logo trataremos dando lectura ao escrito que enviou. Nas seguintes páxinas relacionase aos pilotos galardoados que recibiran premios na gala da tarde, incluídos a tódolos nenos que recibirán unha medalla. Informase que a raíz de publicar este listado chegou o escrito de Manuel Toimil reclamando o título de campión galego de velocidade, escrito sobre o que debatiremos en rogos e preguntas. Na páxina 30 relacionase aos pilotos galegos con títulos nacionais, informando que a RFME este ano atrasou a súa entrega e pisase coa nosa, que hoxe mesmo entregan eses premios en Barcelona. Escusou ausencia Borja Sanchez que acude a gala nacional, Isidoro Martínez tamén confirmou que non podería asistir, os membros de motopark Cerceda confirmaron que recollen, e tamén estará presente no acto Martín Riobó. Joel Antón desculpou ausencia por estar competindo no estranxeiro, recollerá o seu irmán. A intención era de que a nova Secretaria Xeral para o Deporte, Marta Míguez entregara estes premios hoxe a tarde, pero o venres as 14:55 recibíuse unha chamada escusando a súa presenza por motivos persoais, confirmada mais tarde por email a petición do secretario pois so constaba a súa confirmación e posterior anulación por chamada telefónica. Informase tamén que se tiña enviado unha nota de prensa confirmando a súa presenza na entrega.

3. INFORME EJERCICIO ECONÓMICO 2016.

Presentase o informe favorable da comisión delegada ás contas do 2016 e a aprobación pola mesma tamén do orzamento 2017.

O tesoureiro comeza lendo o balance de gastos comparado co orzamentado, comenta que hai un desfase de 70.260 negativos a pesar de que tódalas partidas de gastos están axustadas ao orzamentado, pero como hai que incluír como gasto a indemnización ao empregado despedido por sentenza do xulgado 03/08/2016 de 80.069,20 €, de aí ese desfase. Sen ese gasto, a diferenza sería positiva en uns dez mil euros, pero hai que ter en conta que un empregado estivo de baixa 7 meses e o outro está despedido dende agosto polo que se aforraron varias nóminas e seguros sociais. O tesoureiro da lectura a tódalas partidas. Acabada a lectura, Agustín Abalde pregunta por qué as cotas de clube aparecen como gasto na columna da dereita, e explicáselle que recadamos a cota da nacional e cando se lle paga a RFME sae como gasto. Pregunta tamén pola partida de outros profesionais independentes, explicando o secretario que desa partida de 4515 €, uns 3300€ son para pagar a empresa informática que xestiona a aplicación web, e o resto poden ser procuradores ou avogados nalgún caso do xulgado. Pregunta entón Abalde porque van aí se xa hai unha partida de Órganos Xurisdiccionais, explicáselle que a factura dos órganos xurisdiccionais corresponde ao Comité de Disciplina, obrigatorio por lei para dirimir os casos que se dean nas probas. Non ten nada que ver coa demanda que poida poñer contra a FGM un particular, na que habería que nomear avogado, procurador diferente aos do comité.

Levase a votación a aprobación das contas do 2016 cun resultado de 29 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Presentase orzamento para o 2017, o secretario informa de que as partidas están axustadas polo recadado no ano anterior, exceptuando a de seguros sociais e salarios que ao contar cun so empregado baixa a metade. Informa que si se recupera a actividade de motocross e supercross, algunhas partidas como ingresos por inscricións, dereitos de probas, seguros de competicións poden variar bastante, pero como iso é un futurible, o mellor e orzamentar polo recadado no 2016 e para o ano xa se verá ese incremento. Tamén informa de que se incluíu como gasto os 12.000€ que se lle teñen que pagar ao empregado despedido (pendente de acordo, aínda que a intención en pagarlle 1000€ mensuais).

Explicase que no orzamento meteuse un incremento da axuda da SXD porque o ano pasado deran 1000€ a cada evento, e como este ano a previsión deste tipo de probas (chegáronse a pedir 13) era moi superior, pedíronselle 13.000€ mais, 1000€ por evento. Ao igual que para o proxecto talentos, o ano pasado deran 3000€ a repartir en tres pilotos, pero como este ano aumentou o número de pilotos solicitantes pedíronselle 7000€. Por iso se pon a anotación abaixo de que o orzamento está suxeito a achega da SXD, de non conceder estas cantidades, habería que refacelo e adaptalo ás cantidades dadas. O tesoureiro da lectura de tódalas partidas orzamentadas.

Chegada a partida de 4000€ para as escolas infantís, Casimiro García pregunta en que se vai gastar estes 4000 € orzamentados, contestándolle que na reunión que tivemos coa Secretaria Xeral para o Deporte, expuxeramos a demanda de que o deporte infantil é deficitario e necesitan de axudas para levalo a cabo. Que non pode ser que por un lado nos digan que nos temos que xestionar coma un empresa privada e que por outro nos estean pedindo partidas específicas para deporte infantil, feminino e veterano, cando aos clubes dálle perdas facer exclusivamente probas para esas categorías. Se dan algo nesa partida, será para os clubes que organicen as probas, o que se lle pediu foi 1000 € para cada especialidade (Trial, Motocross, Enduro, Velocidade).

O tesoureiro acaba a lectura das partidas, informando de que se o orzamentado por ingresos da SXD e inferior ao que aperece aí, haberá que dar autorización a comisión delegada para que aprobe outros unha vez coñecidas as partidas definitivas. Procedese a votación do orzamento 2017, con 29 votos favorables, 0 en contra e 0 abstencións. Rematada a votación Agustín Abalde fai un comentario de que a partida de cotas de afiliación está un pouco por debaixo do realizado este ano, e explicáselle que para cadrar os orzamentos as veces é necesario tocar algunhas partidas.

Na seguinte paxina 34 detallase a proposta da comisión delegada para as tarifas de licenzas 2017, nas que acordaron trasladar linealmente a subida do seguro que ronda de media o 37%. Informase que hai unha tarifa que baixa, a de trial porque crearon un grupo propio de prima para esa categoría que o ano pasado entraba no grupo 1 con tódalas demais especialidades, que a social sufriu un incremento enorme, que houbo que pelexala bastante porque a proposta inicial superaba un incremento do 100% na prima. Informase da reunión co corredor de seguros, na que nos propuxo unhas tarifas iniciais

moito peores das asinadas finalmente. Falámoslle do seguro das probas non federadas, como poden competir con esas tarifas que a nos nos cuadriplica ou quintuplica, e explica que non teñen que cumprir a lei de dar cobertura ilimitada durante 18 meses, eles teñen límites e franquías por iso poden competir con pólizas moito mais baratas. Cando unha compañía se lle bota fora buscan outra e so quedarán sen seguro cando teñan un accidente grave de miles de euros. O secretario explica o caso dun piloto que pasou esta semana para renovar a licenza, e explicaba que tivera que facer varias operacións e que o seguro gastárase 100.000€ con el, por iso quería facer o seguro da federación, porque hai pilotos que estaban sacando a licenza portuguesa, moito mais barata, pero cunha franquía de 175 € (diñeiro que hai que pagarlle a compañía por abrir un parte de accidente) e máximo de facturas médicas de 5.000 €. Pide a palabra Carlos Manteigas do M.C. Saltamontes para dicir que lle parece excesiva a tarifa de Directores e Comisarios Deportivos das probas. Esa é unha demanda que se lle ten feito a compañía, pero se baixan as primas dos grupos con menos risco como poden ser ás de comisarios, a de piloto duplicaríase, xa que fan contas globais do que teñen que recadar e se o tiran dun lado, incrementan polo outro. O presidente explica que estivemos buscando outras compañías e que é moi difícil, a maioría nen pasa ofertas e as poucas que contestan, son desorbitadas.

O secretario informa de que hai unha pregunta de Manuel Toimil para que se informe das partidas de cada licenza, ao que se lle contesta que esa información está na propia licenza do piloto. Na propia licenza di canto vai para o seguro, canto vai para RFME e canto vai para a federación territorial. Informáse que a prima de seguro son 306,63€ e que a federación española cobra 36€ por cada licenza e que da igual que a tramites dunha vez ou que amplíes. Toimil replica porque a ampliación da licenza non se lle aplica so o que cobra a rfme, explicándose que as tarifas teñen un prezo e da igual que o pagues dunha vez ou amplíes, o montante final é igual nos dous casos.

José M. Durán e Alejandro Torres preguntan por qué soben as licenzas dos nenos se o seguro é de xogade o paga a Xunta, explica o secretario que o seguro subiu o 37% de media e que si se aplicaran esas subidas a tarifa aínda subiría mais, pois a orde que se lle deu ao secretario o ano pasado para calcular estas tarifas, era ver o que cobraban as outras federacións, descontándolle o seguro de Vidacaixa. Explicando que o calculo faise restando a prima de seguro da nosa compañía do prezo que se cobra polas outras federacións, que hai federacións cobrando 420€ por unha licenza cadete, a que si lle restamos o seguro, quedaría en 191€, 31 mais do cobrado pola galega, (160€). Intervén Carlos Manteiga para dicir que non lle parece que 60€ sexa un prezo excesivo, vendo o que cobran por aí. Mauro Hermelo replica que todo suma, dez euros de aquí, dez euros de alá. Toma a palabra Cristina Sanroman para dicir que unha subida de dez euros, no orzamento anual dun piloto que faga un campionato enteiro é algo irrisorio, estamos a falar de que se necesita nalgúns casos motos de 4000-5000-6000 € para competir e que require desprazarse por toda Galicia ou España, que calquera peaxe dunha autoestrada que teñas que pagar por ir a unha proba costa mais de 10 € e non entende onde está a discusión. Votase a proposta de tarifas licenzas e queda aprobada con 23 votos a favor, 2 en contra e 4 abstencións.

O secretario informa de que o resto das tarifas, inscricións, cotas de clubs, dereitos de probas non soben, están conxeladas dende 2009.

PROPOSTAS CAMBIOS NOS REGULAMENTOS 2017

TRIAL

O secretario da lectura da proposta chegada de cambios no CG Trial, coa proposta de pechar as inscricións en prazo o mércores en vez do domingo, e aumentar a tarifa de fora de prazo dos 33€ aos 50€, pechando o fora de prazo o venres ás 13:00 horas. Os pilotos inscritos o día da proba non puntuarán para o campionato.

Nos pasos das categorías, propónse que TR1 faga tódalas portas vermellas, no ano anterior facían algunha porta azul.

Créanse as portas con paso marcado en negro para TR5, antes era de paso libre.

Quitase do regulamento que a moto debe ter un punto de luz dianteiro e outro traseiro e que non é necesario interruptor de luces nin alimentación directa do motor. Intervén Alejandro Torres para dicir co regulamento da rfme esixe ter luz, e non entende por qué se quita ese párrafo, ao que replica Mauro Hermelo, que aínda que está no regulamento non se está verificando e que é unha boa idea quitalo

porque a maioría non o leva, e as probas do CGT son en zonas acoutadas polo que sería posible sacalo do regulamento.

Proponse borrar a frase que fala dos dorsais xa que non se están utilizando.

Proponse cambiar o sistema de puntuación para obter ao clube campión galego de trial, en vez de facelo categoría por categoría, dar un campión xeral, puntuando o mellor piloto de cada clube en cada unha das categorías TR1, TR2, TR3, TR4, TR5.

A categoría de TR5 estará aberta a participación con motos de trial modernas e clásicas.

Sometese a aprobación da asemblea os cambios propostos no regulamento do campionato galego de trial, sendo aprobados por 25 votos a favor, 1 en contra e 2 abstencións.

MOTO CROSS

Hai unha proposta do M.C. Saltamontes de crear a categoría MX50, pero como hai unha proposta de equiparar as categorías do CEMX na medida do posible coas do Galego.

MX1, MX2, JUNIOR (MXS18) (MX125), MX85, MX150 4T, MX65, MX50, MXFEM, MASTER (+35 +40 +50), Mais a posibilidade de facer unha manga para licenzas sociais. Sometese a aprobación equiparar o CGMX ao regulamento do CEMX saíndo aprobada a proposta por 27 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención.

CG CROSS COUNTRY

Mesmas categorías e regulamento co nacional: SENIOR, JUNIOR, SENIOR B 2T, SENIOR B 4T, VETERANO, MASTER E FEMENINO, Sometese a aprobación equiparar o CG Cross Country ao regulamento do CE Cross Country saíndo aprobada a proposta por 28 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención

CG SUPERMOTO

Mesmas categorías do nacional adaptadas ás necesidades do CG. Queda a expensas de reunirse co organizador para ver que categorías poden encaixar no CGSM e se pode meter algunha data mais aparte da do nacional, nas datas que ten reservadas. Sometese a aprobación equiparar o CGSM ao regulamento do CESM e deixando o calendario aberto ata reunirse co organizador. Saíndo aprobada a proposta por 28 votos a favor, 0 en contra e 2 abstención

CG VELOCIDADE

Negociar co CNV portugués a posibilidade de facer as probas do CGV en Portugal, nas probas de Braga, visto o fracaso da convocatoria do ano pasado co "campeonato norte de velocidade". A proposta é coller as probas do CNV celebradas en Braga e unha vez coñecidas as categorías, ver cales terían cabida no CGV, deixando que a comisión delegada elabore o calendario e categorías. Alberto García Fandiño, pregunta como se decide que categorías e que probas van formar parte do CGV, ao que se lle responde que hai que dar autorización a comisión delegada para que elabore o calendario e propoña categorías. Sometese a votación darlle a comisión delegada autorización para elaborar o calendario, regulamento e categorías do CGV, aprobada con 21 votos a favor, 5 en contra e 1 abstención.

CALENDARIO, presentase o calendario provisional coas probas solicitadas polos clubes. Dáse lectura as probas solicitadas. Chegada a proba calendada como "trial dos motoclubes", José Durán (PM Valmiñor) pregunta se o seu clube pode participar nesa proba. Despois dun pequeno malentendido, aclaráselle que si, que poderán inscribirse tódolos clubes e pilotos que participen no CGT. Alejandro Torres pregunta polo regulamento, ao que se lle responde que se está elaborando, que ao ser unha proba fora do campionato, rexerese polo regulamento do CGT, coas especificacións que os clubes organizadores queiran propoñer, destinadas mais a aclarar o sistema de puntuación, e aclarar temas da participación como equipo. Pide a palabra Carlos Manteiga para dicir que a reunión celebrada dos clubes organizadores do CGT, foi so una reunión dos clubes para tratar temas organizativos, que non se vetou a participación de ningún clube.

Pide a palabra Joaquin Agra, para que se abra o calendario do trofeo galego de dirt track, para que poidan sumarse mais peticións a do M.C. Papaya. Solicita que quede aberto o prazo de solicitudes para o trofeo de dirt track ata o 30 de abril, coa idea que unha vez comece o motocross, algún outro moto club se poida animar a pedir mais probas do trofeo.

Na seguinte paxina presentase o calendario RFME.

ROGOS E PREGUNTAS

O secretario da lectura dos escritos recibidos na FGM que algúns asembleístas enviaron para que se tratan na asemblea.

Manuel Toimil pide que se lle proclame campión galego de velocidade na categoría 600. O secretario da lectura do escrito e informa que o tema se debateu en comisión delegada que non considerou válido o campionato pola escasa participación, que so un piloto participou na primeira proba, quedando na posición 31º dos 31 pilotos que acabaron a proba. O secretario informa que no regulamento campeonato norte de velocidade (CNV) non fala nada dos requisitos mínimos de puntuación, por iso se foi ao regulamento do CGV do ano anterior, que di que unha proba para ser considerada puntuable deben participar como mínimo 3 pilotos nos adestramentos ou competición. A clasificación do CGV non foi publicada en todo ano por non considerala puntuable cun so participante. E a reclamación so foi feita polo interesado unha vez publicado o listado de pilotos que ían recibir trofeos na gala.

Dáselle a palabra a Toimil para que defenda a súa petición. Comeza falando de que outros anos, como no 2014, tamén se dera o título a un campionato no que so participaran dous pilotos, pero explicaselle que nese caso o campión seguira o campionato enteiro e fora tratado como caso excepcional. Intervenien outros membros da asemblea para falar dos casos de Trial e Enduro, que cando comparten organización cos ctos. de España, os pilotos do nacional danlle puntuabilidade as categorías aínda que non se reúnan os requisitos mínimos de 3 pilotos para puntuar. Aclarase que esa excepción foi aprobada para as probas de campionato de España e Galicia que se disputen conxuntamente, pero que o CNV non é un campionato de España. Casimiro García fala do seu caso concreto, de que foi o único participante con licenza única fgm na categoría do trofeo de Clásicas B, e que non foi proclamado campión. Explicáselle que a única categoría considerada Trofeo Galego de Trial, foi a de Clásicas A, xa que nas clásicas B e C, tódolos participantes sacaron licenza social, polo que so foron valedoiras para o Torneo Galego de Trial convocado polos clubs organizadores.

Sometese a votación a proposta de Manuel Toimil, con 9 votos a favor e 8 en contra, aprobado que sexa recoñecido como campión galego de velocidade. Despois da votación continua o debate de cómo redactar no regulamento este artigo para que non volte a darse unha situación como esta. O secretario volta a informar que no regulamento xa está redactado, que deben tomar parte 3 pilotos como mínimo na proba, que ao mellor habería que propoñer, que cando se corra conxuntamente con outro campionato, habería que engadir “3 pilotos con licenza tramitada pola FGM”. Pide a palabra Eugenio González, para expoñer que esta decisión deixa en moi mal lugar a comisión delegada, e que se debería ter respectado a súa decisión polo resto dos asembleístas. O secretario informa a sr. González que calquera acordo da comisión delegada ten que ser aprobado pola asemblea se o afectado ou interesado así o pide, como foi este caso. Continua dicindo o sr. González que o que se acaba de aprobar crea un precedente moi perigoso, deixando o listón do que significa ser campión galego moi baixo e que no futuro pode traer problemas esta revogación da decisión da comisión delegada. Retomase a discusión de porque non estivo colgada a clasificación en todo ano, explicando o secretario que a interpretación que lle dan ao regulamento e que deben participar 3 pilotos con licenza galega, por iso non foi considerada puntuable esa carreira, pero que si eles consideran que participar con outros 30 pilotos doutras rexións dálle puntuabilidade, pois ten que acatar a decisión. Volta a explicar que nos regulamentos está ben claro que teñen que participar 3 pilotos, outra cousa é a interpretación que lle deu a asemblea.

Dáse lectura a outro escrito de Toimil no que pide que se publiquen todas las actas da comisión delegada, petición que tamén chegou doutros asembleístas, pedindo as actas da comisión delegada, informando o secretario que consultada a asesoría xurídica, as actas so hai que enviarllas as SXD e aos membros da comisión delegada que o soliciten.

Dáse lectura a outro escrito de Manuel Toimil no que pide que se dean de baixa aos clubs que non teñan pagada a cota anual a 31 de decembro do ano en curso. O secretario contesta que este debate xa se dera en anteriores asembleas, e que non se pode dar de baixa a un club por faltas de pagamento de cotas, que xa se fixera unha vez, e que recorrera ao comité galego de xustiza deportiva, e déranlle a razón, o único que se pode facer e non tramitarlle nada ata que se poñan o día.

Dáse lectura aos escritos enviados por Alejandro Torres, no primeiro pide que se quite a cota de nova alta dos moto clubs. Algúns asembleistas toman a palabra para dicir que sería un agravio para o resto dos clubs que xa a pagaron. Procedese a votación da proposta, con 5 votos a favor e 20 en contra, 1 abstención. Queda denegada a proposta.

Noutra das súas propostas, propón a gratuidade das licenzas alevín, xuvenil e cadete. Contestándolle que este tema xa foi debatido no punto anterior das tarifas de licenza. Alejandro Torres non está de acordo, di que antes se debateu sobre a subida de 10€ no prezo de esas licenzas, non sobre a súa gratuidade. Motivo polo que se procede a votación de esta proposta, co seguinte resultado de 6 votos a favor, 18 en contra e 0 abstencións. Queda denegada a proposta.

Dáse lectura a petición da Peña Motorista Valmiñor na que pide se anulen as cotas de inscrición nas probas dos campionatos galegos.

Pide a palabra Joaquin Agra para dicir que non lle parece normal que un club que non vai facer probas dos ctos. galegos lle pida aos outros que non cobren dereitos de inscrición, imprescindibles para cadrar as contas dos organizadores. Toma a palabra Casimiro García para dicir que lle parece perfecto que a PM Valmiñor queira facerse cargo de tódolos gastos da proba e que ten a posibilidade de devolverlle ese diñeiro aos participantes no día da proba, invítalos a comer ou gastalos como queira, pero que non debe impoñer ao resto dos clubs esa decisión. José Durán replica que non cree que ningún club faga a competición co diñeiro das inscricións e que fomentaría a participación ao que se lle responde que con ese diñeiro os moto clubs poden facer pago a moitas facturas que doutra maneira terían que adiantar. Xacob Agra di que non entende esta proposta, que parece mais feita para enfrontar aos clubs, que os que cobran inscricións son os malos e os outros os bos, os que piden que todo sexa gratuito.



Votase a proposta da PM Valmiñor con 0 votos a favor, 23 en contra e 1 abstención. Dicíndolle o presidente Canda ao club que co diñeiro das súas inscricións pode facer o que queira pero que non debería tentar impoñer isto ao resto dos clubs.

Antes de rematar a asemblea Alejandro Torres di que quedou sen tratar un dos seus escritos nos que pedía as actas dunhas probas de trial, contestándolle o secretario que nesas actas non hai ningún asunto que teña que ser tratado pola asemblea, polo que non procede tratalas aquí. E que si nas actas que pide non hai ningún asunto que lle afecte a el directamente non procede o envío. Sen argumentar en que lle afectan a el esas actas non procede darlle traslado das mesmas se non da motivos razoados para elo. Intervén Joaquin Agra para dicir que non entende a postura do Sr. Torres e que vai pedir ao secretario que presente as contas dos gastos pasados por este señor cando acudía co antigo presidente as probas dos ctos. galegos, que quere saber canto lle custou a federación o seu paso como vicepresidente da mesma.

O secretario volta a contestar ao sr. Torres que non pode pedir as actas das probas indiscriminadamente, que se non argumenta o motivo, ou non haxa algo nesa proba que lle afecte a el directamente non procede enviarllas.

Dáse por finalizada a reunión ás 14:25 horas do día 21 de xaneiro de 2017.

Vº Bº. Presidente FGM
José Canda



asdo. Secretario Xeral
Mário Riveiro

